

INFORME:**Danos producidos pola saraiba na zona de Gomariz-Leiro (DO Ribeiro), e recomendacións de medidas de protección da colleita.**

Onte 31 agosto produciuse unha forte saraiba nalgunhas zonas do Ribeiro, o que danou os bagos e acios do viñedo no momento previo ao comezo da colleita prevista nas próximas datas. Tanto follas como sobre todo os acios racharon como se mostra na imaxe:



Ademais dos danos directos producidos, agora o principal risco é a evolución da podremia gris (*Botrytis cinerea* Pers), xa que as mazaduras e rachaduras producidas son unha vía de fácil entrada da enfermidade nos acios. Ademais, hai que ter en conta que se prevén precipitacións nas próximas datas, moi favorables para a evolución da podremia.

Polo tanto, é preciso adoptar medidas preventivas coa aplicación de preparados de control fitosanitarios para previr e frear, no posible, a evolución dos danos nos acios sen que afecte a hixiene da colleita.

Recomendacións a adoptar en función da data prevista para a realización da vendima:

- Os viñedos coa maduración máis adiantada, que teñen prevista a colleita de forma inminente nos próximos días -ata o 5 de setembro- non se recomenda a aplicación de ningún preparado de control fitosanitario.
- Os viñedos que teñen previsto o comezo da vendima en datas posteriores ó 5 de setembro ata mediados de mes, recoméndase a aplicación dun dos



seguintes bioprodutos ecolóxicos coas condicións de emprego seguintes:

Principios activos	Produto	Dose - ha	Prazo de seguridade
<i>Aureobasidium pullulans</i> DSM 14940 *	Botector, BIO-FERM	1 kg	NP - 0 días
<i>Bacillus amyloliquefaciens</i> (cepa FZB24)	Taegro, Syngenta	0,18-0,37 kg	1 día
<i>Pythium oligandrum</i> (cepa M1)	Polyversum, Agrichem	0,1-0,3 kg	NP - 0 días
<i>Bacillus subtilis</i> (cepa QST 713)	Serenade Aso, Bayer	2,5-4 kg	3 días
Eugenol + Geraniol + Timol	Araw, Sipcam	1,6 – 4 l	7 días
Carbonato de Hidrógeno de Potasio	Armicarb, Certis	5 kg	NP - 0 días

Aureobasidium pullulans tamén posúe efecto protector-cicatrizante en feridas.

- Os viñedos que teñen previsto o comezo da vendima na segunda quincena de setembro e respectando o prazo de seguridade especificado, recoméndase a aplicación dun dos seguintes fitosanitarios autorizados:

Principios activos	Produto	Dose - ha	Prazo de seguridade
Ciprodinil	Varios	1,25 l	21 días
Ciprodinil + Fludioxinil	Swich, Syngenta	0,6 - 1 kg	21 día
Fenhexamida	Teldor, Bayer	1 kg	14 días
Fenpirazamina	Prolectus, Kenogard	1 – 1,2 kg	14 días
Mepanipirim	Frupica, Sipcam; Japica, Chemical E.	1 kg	21 días
Tebuconazol	Varios	0,5 kg	21 días

- Os viñedos nos que polos fortes danos producidos pola saraiba na colleita xa non realizan a vendima, recoméndase a aplicación de folpet ou cobre máis aminoácidos para mellorar a sanidade da planta e recuperar reservas cara a seguinte campaña vitícola.

En xeral, sublíñase que compre unha boa selección manual dos acios no momento da vendima, de xeito que só se recollan acios ou partes destes sans, sen podremias ou mofos, xa que prexudicarían a calidade do viño na súa posterior vinificación.

Leiro, 1 de setembro de 2021

SERVIZOS TÉCNICOS DA ESTACIÓN DE VITICULTURA E ENOLOXÍA DE GALICIA